

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

5452 *Orde AAA/897/2013, do 20 de maio, pola que se modifican os anexos V e VI do Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

O Regulamento (CE) n.º 1234/07 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas (en diante, OCM) e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), especifica, no seu artigo 103 quáter, número 2, que a prevención e xestión de crises dos programas operativos terá como obxectivo evitar e facer fronte ás crises que se presenten nos mercados das froitas e hortalizas e abranguerá, entre outros, as retiradas do mercado.

O Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, no seu artigo 79, número 1, establece que a axuda ás retiradas de mercado, que inclúe tanto a participación da Unión como a contribución da organización de produtores, non será superior ao importe establecido no anexo XI para cada un dos produtos enumerados nel. Para os demais produtos, os Estados membros fixarán importes máximos de axuda.

O dito regulamento, no seu artigo 85, número 4, establece que os importes de colleita en verde e de renuncia a efectuar a colleita se poderán calcular nun nivel que cubra, como moito, o 90 % do nivel máximo de axuda para as retiradas de mercado, tal como se recolle no artigo 79.

A última modificación aprobada do dito regulamento, recollida no Regulamento (UE) n.º 701/2012 da Comisión, do 30 de xullo de 2012, que, entre outros, modifica o citado artigo 85, adapta os importes de retirada mencionados e diferéncios segundo o seu destino (distribución gratuíta e outros destinos) cun prezo maior para o primeiro co fin de fomentar a distribución gratuíta. Por outra parte, para as froitas e hortalizas cuxa temporada de recolección sexa superior a un mes, permite a adopción de medidas de colleita en verde e renuncia a efectuar a colleita para o mesmo produto incluso cando se realizase recolección parcial na dita superficie. Neses casos, só se compensará a produción que quede por recoller nas semanas seguintes á operación de colleita en verde e renuncia a efectuar a colleita cun máximo de seis semanas coa condición de que estas plantas de froitas e hortalizas non se utilicen para outros fins produtivos unha vez que a operación tivo lugar. En definitiva, o artigo 79.1.b) do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, establece que os importes da compensación para a colleita en verde e para a renuncia a efectuar a colleita dependen dos importes de retirada e, como se dixo anteriormente, estes modificáronse debido ao Regulamento de execución (UE) n.º 701/2012 da Comisión, do 30 de xullo de 2012, co que cabe tamén a actualización daqueles importes. Por iso, resulta necesaria a actualización e diferenciación segundo o destino das compensacións de retirada para os produtos de fóra do citado anexo XI e de colleita en verde e renuncia a efectuar a colleita para todos os produtos que a normativa nacional recolle, respectivamente, nos anexos V e VI do Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

En aplicación da disposición derradeira segunda do real decreto mencionado, corresponde ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a adaptación das compensacións citadas cando son consecuencia de modificacións da regulamentación comunitaria.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos V e VI do Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.*

Os anexos V e VI do Real decreto 1337/2011, do 3 de outubro, polo que se regulan os programas e os fondos operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, modifícanse da seguinte forma:

Un. O anexo V substitúese polo seguinte:

«ANEXO V

Importes de axuda para as retiradas de produtos non incluídos no anexo XI do Regulamento de execución (UE) n.º 543/11

| Produto | Importe de axuda (€/100 kg) | |
|--|-----------------------------|-----------------|
| | Distribución gratuíta | Outros destinos |
| Allo | 64,65 | 51,55 |
| Alcachofa | 32,30 | 26,18 |
| Apio | 14,31 | 11,60 |
| Brócoli. | 26,16 | 21,20 |
| Cabaciña | 21,00 | 16,75 |
| Cabaza | 20,55 | 16,65 |
| Cebola | 9,39 | 7,49 |
| Cereixa | 74,65 | 59,53 |
| Ameixa | 35,57 | 28,36 |
| Escarola | 26,20 | 21,24 |
| Espárrago | 85,76 | 69,50 |
| Amorodo | 63,71 | 50,81 |
| Feixón verde. | 63,29 | 50,47 |
| Leituga | 34,38 | 27,41 |
| Cogombro. | 20,43 | 16,29 |
| Pemento | 33,00 | 26,31 |
| Porro. | 29,51 | 23,92 |
| Repolo, col | 14,81 | 12,00 |
| Cenoria | 19,34 | 15,42 |
| Néspera | 53,91 | 43,68 |
| Paraguaio, nectarina plana e melocotón plano | 43,13 | 34,95 |
| Champiñón. | 48,18 | 38,42 |
| Acelga. | 22,71 | 18,41 |
| Espinaca. | 35,58 | 28,83 |
| Framboesa | 241,49 | 195,69 |
| Faba verde | 42,44 | 34,39 |
| Figo fresco | 60,27 | 48,84 |
| Kiwi. | 37,40 | 30,31 |
| Caqui | 17,71 | 14,35 |
| Nabo, nabicol e charouvía | 26,35 | 21,35» |

Dous. O anexo VI substitúese polo seguinte:

«ANEXO VI

Parte A) Compensacións para as operacións de colleita en verde e renuncia a efectuar a colleita

| Produtos | Compensación – €/ha | | |
|--|---------------------------|-----------------------|----------------------|
| | Secaño | Regadío aire libre | Regadío protexido |
| Coliflor | 1.326 | 1.999 | 3.353 |
| Mazá. | 985 | 3.162 | – |
| Uva | 872 | 4.108 | – |
| Albaricoque. | 407 | 1.538 | – |
| Nectarinas | 1.055 | 6.237 | – |
| Melocotón | 1.210 | 6.053 | – |
| Pera | 1.042 | 2.736 | – |
| Sandía | 748 | 2.147 | 3.489 |
| Laranxas. | – | 4.328 | – |
| Mandarinas. | – | 4.423 | – |
| Clementinas | – | 3.215 | – |
| Satsumas | – | 4.435 | – |
| Limóns | – | 2.962 | – |
| Allo | 2.243 | 4.381 | – |
| Apio | 1.461 | 5.411 | – |
| Brócoli. | 1.349 | 3.147 | – |
| Cabaza | 1.838 | 4.238 | 7.987 |
| Cebola | 722 | 3.518 | 2.537 |
| Cereixa | 1.510 | 2.485 | – |
| Ameixa | 752 | 3.719 | – |
| Escarola | 2.522 | 4.825 | 6.284 |
| Leituga | 4.072 | 6.488 | 7.993 |
| Cogombro. | 1.983 | 6.547 | 12.034 |
| Porro. | 2.729 | 6.744 | 3.770 |
| Repolo, col | 4.121 | 3.110 | 5.890 |
| Cenoria | 1.304 | 7.529 | 2.398 |
| Néspera | 610 | 4.838 | – |
| Paraguaio, nectarina plana e melocotón plano | 1.572 | 7.864 | – |
| Champiñón (€/m ²). | – | – | 13,34 |
| Acelga. | 2.397 | 4.651 | 9.617 |
| Espinaca. | 2.139 | 5.120 | 7.096 |
| Faba verde | 980 | 2.911 | – |
| Figo fresco | 791 | 2.942 | – |
| Kiwi | 4.028 | 5.856 | – |
| Caqui | – | 3.427 | – |
| Nabo, nabicol e charouvía | 2.087 | 5.276 | 5.456 |

Parte B) Compensacións para as operacións de colleita en verde e renuncia a efectuar a colleita en caso de recolección parcial

En caso de realización de recolección parcial, por aplicación do segundo parágrafo do número 3 do artigo 85 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011,

os produtos e a porcentaxe de recolección semanal, para efectos do cumprimento do período máximo de seis semanas, serán:

Táboa 1. Porcentaxe de recolección semanal

| Semanas despois da plantación* | Tomate ciclo curto ** | Tomate ciclo longo ** | Berenxena | Cogombro | Cabaciña | Pemento | Espárrago | Alcachofa | Amorodo | Feixón verde ciclo outono | Feixón verde ciclo primavera | Melón |
|--------------------------------|-----------------------|-----------------------|-----------|----------|----------|---------|-----------|-----------|---------|---------------------------|------------------------------|-------|
| 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 2 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 3 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 4 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 5 | 0 | 0 | 3 | 1,25 | 1,25 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 6 | 0 | 0 | 1,62 | 1,25 | 1,25 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 7 | 0 | 0 | 2,3 | 1,25 | 1,25 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 8 | 0 | 0 | 2,31 | 1,25 | 1,25 | 0 | 0 | 0 | 0 | 8,3 | 7 | 0 |
| 9 | 0 | 0 | 2,31 | 5 | 3,75 | 0 | 1 | 0 | 0,1 | 8,3 | 7 | 0 |
| 10 | 0 | 0 | 3,84 | 5 | 3,75 | 0 | 1 | 0 | 0,5 | 8,3 | 7 | 0 |
| 11 | 0 | 0 | 3,85 | 5 | 3,75 | 0 | 1,5 | 0 | 0,85 | 8,3 | 7 | 0 |
| 12 | 0 | 0 | 3,85 | 5 | 3,75 | 0 | 1,5 | 1 | 1,35 | 8,3 | 7 | 0 |
| 13 | 7,5 | 0 | 3,84 | 7,5 | 7,5 | 2,5 | 2 | 0,5 | 2,2 | 8,3 | 7 | 3 |
| 14 | 7,5 | 5 | 2,89 | 7,5 | 7,5 | 2,5 | 4 | 0,5 | 2,3 | 8,3 | 7 | 3 |
| 15 | 7,5 | 5 | 2,88 | 7,5 | 7,5 | 2,5 | 4 | 1 | 2,2 | 8,3 | 7 | 9 |
| 16 | 7,5 | 5 | 2,89 | 7,5 | 7,5 | 2,5 | 5 | 2 | 2,5 | 8,3 | 7 | 10 |
| 17 | 10 | 5 | 2,88 | 7,5 | 7,5 | 5 | 6 | 1,4 | 3 | 8,3 | 7 | 10 |
| 18 | 10 | 5 | 1,54 | 7,5 | 7,5 | 5 | 10 | 1,35 | 4 | 8,3 | 7 | 10 |
| 19 | 10 | 5 | 1,54 | 7,5 | 7,5 | 5 | 18 | 1,25 | 6,5 | 8,3 | 7 | 10 |
| 20 | 10 | 5 | 1,54 | 7,5 | 7,5 | 3,75 | 15 | 1,5 | 7 | - | 7 | 10 |
| 21 | 7,5 | 2,5 | 1,54 | 3,75 | 5 | 3,75 | 10 | 2,5 | 7,5 | - | 9 | 10 |
| 22 | 7,5 | 2,5 | 1,53 | 3,75 | 5 | 3,75 | 7 | 2,25 | 11 | - | - | 8 |
| 23 | 7,5 | 2,5 | 1,93 | 3,75 | 5 | 3,75 | 6 | 2,25 | 9 | - | - | 6 |
| 24 | 7,5 | 2,5 | 1,92 | 3,75 | 5 | 3,75 | 5 | 2,5 | 7,8 | - | - | 5 |
| 25 | - | 2,75 | 1,92 | - | - | 3,75 | 2 | 2 | 7,1 | - | - | 3 |
| 26 | - | 2,75 | 1,93 | - | - | 3,75 | 1 | 2 | 7 | - | - | 2 |
| 27 | - | 2,75 | 2,88 | - | - | 3,75 | - | 2 | 6,6 | - | - | 1 |
| 28 | - | 2,75 | 2,89 | - | - | 3,75 | - | 2 | 6 | - | - | - |
| 29 | - | 2,75 | 2,88 | - | - | 3,75 | - | 2,25 | 5,4 | - | - | - |
| 30 | - | 2,75 | 2,88 | - | - | 3,75 | - | 2,25 | 0,1 | - | - | - |
| 31 | - | 2,75 | 3,08 | - | - | 3,75 | - | 2 | - | - | - | - |
| 32 | - | 2,75 | 3,08 | - | - | 3,75 | - | 2,25 | - | - | - | - |
| 33 | - | 2,75 | 3,08 | - | - | 3,75 | - | 2,25 | - | - | - | - |
| 34 | - | 2,75 | 3,07 | - | - | 3,75 | - | 5 | - | - | - | - |
| 35 | - | 2,75 | 3,08 | - | - | 3,75 | - | 5 | - | - | - | - |
| 36 | - | 2,75 | 3,85 | - | - | 3,75 | - | 5 | - | - | - | - |
| 37 | - | 2,75 | 3,84 | - | - | 3,75 | - | 5 | - | - | - | - |
| 38 | - | 2,75 | 3,85 | - | - | 2,5 | - | 5 | - | - | - | - |
| 39 | - | 2,75 | 3,84 | - | - | 2,5 | - | 5 | - | - | - | - |
| 40 | - | 2,75 | 3,85 | - | - | 2,5 | - | 6,25 | - | - | - | - |
| 41 | - | 2,75 | - | - | - | - | - | 6,25 | - | - | - | - |
| 42 | - | 2,75 | - | - | - | - | - | 6 | - | - | - | - |
| 43 | - | 2,75 | - | - | - | - | - | 6,25 | - | - | - | - |
| 44 | - | 2,75 | - | - | - | - | - | 6,25 | - | - | - | - |
| 45 | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - | - |

* No caso do espárrago, o primeiro ano é improdutivo, polo que as semanas son as transcorridas desde o 1 de xaneiro do ano seguinte á plantación e non desde a data de plantación.

** No caso do tomate, unicamente se poderá percibir compensación ata o 31 de maio.

Non obstante, as comunidades autónomas verificarán se os calendarios de recolección semanal son aplicables ás súas condicións de produción. En caso de que non sexan aplicables, poderán aplicar o seu calendario de recolección específico e deberanllo comunicar á Dirección Xeral de Producións e Mercados do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Táboa 2. *Importes para efectos do cálculo da compensación por recolección parcial*

| | €/ha | | |
|--|--------|--------------------|-------------------|
| | Secaño | Regadío aire libre | Regadío protexido |
| Tomate (1/11-31/05) (ciclo curto ou longo) . . . | 2.244 | 10.641 | 15.547 |
| Berenxena | 1.150 | 4.295 | 10.042 |
| Cogombro | 1.982 | 6.546 | 12.032 |
| Cabaciña | 1.851 | 5.218 | 8.188 |
| Pemento | 1.912 | 6.737 | 15.183 |
| Espárrago | 1.844 | 3.132 | 3.580 |
| Alcachofa | 909 | 2.897 | – |
| Amorodo | 1.511 | 4.456 | 18.352 |
| Feixón verde | 2.474 | 6.903 | 7.876 |
| Melón | 1.119 | 5.910 | 6.949 |

O importe de compensación por hectárea calcularase multiplicando (A) × (B), onde:

(A) é a porcentaxe que queda por recoller, en función da semana de cultivo que figura na táboa 1 deste anexo e que se calculará sumando as porcentaxes das seis semanas seguintes desde que se efectuou a operación de prevención de crises. No caso de que a operación se realice entre o luns e o mércores da semana, esa será a primeira semana de cálculo da porcentaxe de colleita restante. En caso de que se realice entre o xoves e o domingo, esa semana considerarase como recollida e, para efectos de cálculo da porcentaxe que queda por recoller, a primeira semana será a seguinte, e

(B) é o importe (€/ha) correspondente por produto fixado na táboa 2.»

Disposición transitoria única. *Aplicación retroactiva.*

O disposto nesta orde será de aplicación desde o 1 de xullo de 2012 para as retiradas de mercado e para as operacións de colleita en verde e non recolección relativas a produtos en que se incrementan os importes anteriores.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de maio de 2013.–O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.